



O CICLO



AS TERRAZAS



¿CONCERTOS EN TERRAZAS?

Iso é. TerraZeando pretende aproveitar lugares especiais que raramente son utilizados para música en directo. Espazos que por sí mesmos son capaces de amplificar as emocións e as sensacións xa de por sí xeradas por un concerto. Terrazas, parques e espazos singulares que polo seu magnetismo dan lugar a veladas inolvidables. Nesta quinta edición o ciclo volve extenderse a Santiago de Compostela e A Coruña.

¿CONCERTOS GRATUITOS?

Este ano, novamente, todos os concertos do ciclo -organizado por DESCONCIERTO CULTURAL- serán gratuitos. Isto é posible grazas ao apoio do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, dos nosos patrocinadores: SON ESTRELLA GALICIA, VERMÚ LODEIROS e GRUPO REBORDA MORGADÍO; dos colaboradores: HOTEL COSTA VELLA e RESTAURANTE RESAS, dos titulares dos espazos nos que se levan a cabo os concertos, e polo traballo desinteresado dos socios de DESCONCIERTO CULTURAL.

MÁIS INFORMACIÓN

www.terrazeando.com

www.desconciertocultural.com

ORGANIZA



PATROCINADOR INSTITUCIONAL



PATROCINAN



COLABORAN



MAS GALICIA



PARQUE EUGENIO GRANELL, COMPOSTELA

Compostela presume de parques, non é para menos. O Parque Eugenio Granell, -O Paxonal-, presume de grandeza, verdor e sombra.



HOTEL COSTA VELLA, COMPOSTELA

Arrodeado pola muralla medieval compostelana, o seu xardín esconde un espazo auténtico e especial. Música á sombra das parras, as camelias e as maceiras.



BAR OLVIDO, COMPOSTELA

Agochado entre o verdeal parque de Belvís, e a poucos metros da cidade histórica, a súa terraza convirtese nun pequeno e perfecto refuxio ao aire libre.



FUND. LUÍS SEOANE, A CORUÑA

Antigo Cuartel de Macanaz, hoxe espazo de arte e cultura no casco histórico da Coruña. O seu Patio de Armas acubillarán unha das propostas máis intimista desta edición.



O SENDEIRO, COMPOSTELA

Imponente edificación do s. XVIII sito no carismático barrio de Sar. Un dos lugares máis espectaculares da cidade, lonxe do xentío da cidade vella durante o verán.



LA MAR SALADA, A CORUÑA

Oasis urbanita entre os sons do mar e da música, onde agardar á baixamar. Sen sobresaltos. Un dos recunchos máis singulares da historia recente da Coruña.



PLAYA CLUB, A CORUÑA

Referente e protagonista da movida coruñesa e da promoción de vangardas musicais. A súa terraza ao Orzán ofrece vistas ao mar e unha posta de sol máxica.

TERRAZZEANDO

CICLO DE CONCERTOS AO FRESCO

*ultimate painting
el montruo
alberto monteró
the shivas
elle belga
remate
los wallas*

SANTIAGO DE COMPOSTELA // A CORUÑA
ENTRE O 30 DE XUÑO E O 25 DE AGOSTO





ultimate painting

/ UK /

30/06 COMPOSTELA,
PARQUE EUGENIO GRANELL

James Hoare e Jack Cooper -ex Veronica Falls e Mazes- constitúen esta super banda que garante sólido directo, pop e rock senlleiro, e sofisticación a partes iguais. **ULTIMATE PAINTING** conxugan coma ninguén o momento máis pop da The Velvet Underground. Nas súas cancións reconécese o espírito dos clásicos da formación neoriorquina -os ambientes de "Beginning To See The Light", "Train Round the Bend" ou "What Goes On"- e referencias doutros coma Jonathan Richman & The Modern Lovers, os Television, os primeiros The Felt ou The Feelies.



el monstruo

/ A CORUÑA /

30/06 COMPOSTELA,
PARQUE EUGENIO GRANELL

EL MONSTRUO é a criatura bicéfala formada polos coruñeses Dani Bembibre (ex-Ramalama, Electricats e Mistakens) e Pablo Silva (Combo Dinamo). Unha receita doada: son sinxelo + cancións apegadizas + os menos cacharros posibles, xa que todo debe entrar nun coche. Esa é a declaración de intencións que os levou a presentar o seu primeiro EP en 2013, plagado de cancións afiadas coma serras que abrasan e cortan con precisión. Fagamos honra ao seu lema "rocanrola", disfrutemos até a extenuación.



alberto montero

/ VALENCIA /

13/07 COMPOSTELA,
HOTEL COSTA VELLA

ALBERTO MONTERO parapétase tras un pop de melodías cristalinas, unha delicada e elegante voz e unha sensibilidade extrema en forma de cancións cargadas de peculiar optimismo. A mellor mostra é "Arco Mediterráneo", o seu cuarto e último traballo, un compendio de pop luminoso onde deixa boa mostra da súa expresividade vocal, transmitindo emoción e beleza. No seu retrovisor musical hai un enorme espectro sonoro, que vai dende Brian Wilson até as Vainica Doble.



AS BANDAS

ESTA QUINTA EDICIÓN ESTÁ REPLETA DE PROPOSTAS APAIXONANTES, DENDE A SOFISTICACIÓN DOS BRITÁNICOS **ULTIMATE PAINTING**, Á GARRA DE **THE SHIVAS**, ÁS SONORIDADES MEDITERRÁNEAS DE **ALBERTO MONTERO**, Á INTENSIDADE DE **ELLE BELGA**, AO ECLECTICISMO DE **REMATE**, Á INDOLENCIA DE **LOS WALLAS** E Á FEROCIDADE DE **EL MONSTRUO**, UN CARTEL QUE A BEN SEGURO DEIXARÁ PARA O RECORDO MOITAS NOITES DE GLORIA.



the shivas

/ EEUU /

18/07 COMPOSTELA,
BAR OLVIDO

THE SHIVAS forman parte do selo norteamericano Burger Records, pozo sen fondo de vibrantes propostas de rock pantanoso e guitarreiro. A cabalo entre Portland e interminábeis xiras por medio mundo, golpean forte no directo, nunha aposta decidida por conquistarnos a base dun show rotundo, suor, rock & roll e psicodelia surf en estado puro. Avalados polo mesmísimo Calvin Johnson e K Records chegan nun gran momento, despois de ter visitado SXSW, Austin Psych Fest ou Levitation.



elle belga

/ GIJÓN /

29/07 A CORUÑA,
FUNDACIÓN LUIS SEOANE

ELLE BELGA reivindica a euforia no seu cuarto traballo. A euforia como ferramenta política e social, pero reclamada dende o silencio e non dende o ruído, dende a calma e non dende a presa. Gravado cunhas voces aínda máis protagonistas, e de xeito máis minimalista coa intención de que se pareza máis á esencia dos seus directos, volven deixar claro que son uns maestros das dinámicas. Despois do celebrado concerto no Museo Cerralbo, será un pracer velos no patio da Fundación Luis Seoane.



remate

/ MADRID /

10/08 COMPOSTELA,
O SENDEIRO
11/08 A CORUÑA,
LA MAR SALADA

Tras catro lustros de carreira e unha ducia de discos ás costas, **REMATE** ten demostrada unha integridade camaleónica a proba de balas. Surrealismo cínico e socarrón directo á médula do oínte, como se un escorpión escupira a Jim O'Rourke, Stephen Merritt e Mark Everett. Na súa última entrega, a epopeia "Cabello de Ángel, Tocino de Cielo", os seus textos -non tan oníricos e ás veces desesperadamente terapéuticos- retratan o fanatismo costumbrista dun pasado, pero visto dende a vergoña allea, á que por obriga familiar lle tocou vivir.



los wallas

/ CIUDAD REAL /

24/08 COMPOSTELA,
POR CONFIRMAR
25/08 A CORUÑA,
PLAYA CLUB

É reconfortante comprobar que segue a facerse rock and roll na Península. Los Saicos, Los Salvajes, e toda esa pléiade de fantásticas bandas que fixeron historia hai 50 anos están nas cancións de **LOS WALLAS**. O quinteto mesetario aporta deliciosas pinceladas de garage, surf e pop, cun nervo que os afasta do revivalismo e dota de actual vixencia o seu son, repleto de guitarras, Farfisas, ouveos e todas as lambetadas sonoras que farán relambernos.